

Turdus pilaris (Linnaeus, 1758)

	tordo real
	zorzal real
	durdula
	griva cerdana
	fieldfare
	tordo-zornal



FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Turdidae	<i>Turdus</i>



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

Peso	100 g
Lonxitude	22-27 cm
Envergadura	39-49 cm

ALIMENTACIÓN

Omnívora: sementes, bagas e outros froitos, así como invertebrados do chan.

COMPORTAMENTO

Trátase dunha ave gregaria que se move en pequenos grupos tanto monoespecíficos como con outros tordos; durante a cría poden poñer os niños tan xuntos que parece que se trata dunha cría colonial. A femia constrúe un niño elevado nunha árbore ou arbusto, a base de barro, raíces e herbas.

REPRODUCCIÓN

O celo comeza en abril (máis ao norte, en xuño). A femia presenta unha posta, de 5-6 ovos azulados con marcas vermellas, que ela mesma incuba durante 11.14 días. Os polos abandonan o niño despois de dúas semanas.

HÁBITAT

Parques, cultivos, devesas, mato, bosques de coníferas ou caducifolias con claros e pastos.

DISTRIBUCIÓN

Centro e norte de Europa e Rusia. Algunhas poboacións teñen chegado ata Islandia e Groenlandia.

CURIOSIDADES

Esta especie busca a comida preferentemente no chan, onde presenta unha postura típica de ás caídas mostrando a parte inferior do dorso, de cor gris, seguramente como sinal de comunicación co resto do grupo.